



CÁTEDRA

Revista eumesa de estudios
MONOGRAFÍA

Consello de Redacción:

Alexandre Caínzos Corbeira
Carlos de Castro Álvarez
Andrés López Calvo
Rocío Pena Pena
Sindo Vilariño Gómez

Traducción e supervisión lingüística dos textos en galego:

Esther Leira Penabad

Imaxe da cuberta:

Torques de Centroña

Deseño da cabeceira da revista:

Noli Vilariño

Deseño e maquetación da portada e do interior:

Marga L. Lamas. FLOPS Estudio

Impresión:

Imprenta da Deputación Provincial da Coruña

Colaboracións:

As colaboracións deberán dirixirse a
“Cátedra. Revista eumesa de estudos”
Biblioteca Municipal de Pontedeume
Rúa Couceiro Freijoomil, 5 – 15600 PONTEDEUME (A Coruña)
Telf. 981/43 25 98
Os traballos deberán ser inéditos.
O Consello de Redacción da revista, non se identifica necesariamente
coas opinións verquidas nos artigos publicados.

Edita: Concello de Pontedeume

Dep. Leg.: C-1702/93

ISSN: 1133-9608

Esta revista está subvencionada
pola **Deputación Provincial da Coruña**

*Todo obxecto antigo é belo
simplemente porque sobreviviu
e convértese por elo
en signo dunha vida anterior.*

Jean Baudrillard¹

PRESENTACIÓN

O Torques de Centroña saíu á luz en setembro de 1912 de maneira casual, nos labores da colleita das patacas. Aboiou das entrañas da terra coma un resucitado que retorna do outro mundo para iniciar unha nova vida.

Cen anos logo pasan. Cen anos so moitos anos para unha persoa pero poucos para un obxecto que pasou, se cadra, dous mil agochado baixo a terra agardando o momento de volver á vida despois dunha longa hibernación, dous mil anos escoitando silencioso o latexar da terra e o alonxado murmurio do transcorrer da historia.

Os obxectos nacen e viven por obra e graza do ser humano creador, cumpren a función para a que foron fabricados e só morren se son destruídos. Pero si se conservan, mesmo fragmentados, permanecerán eternamente vivos, cargados de significados. Os obxectos entón comezan a falar e hai que saber escoitalos. Falan de persoas, de comunidades, do traballo ou da vaidade do poder. A propia materia que os conforma pode ser un relato de símbolos e crenzas.

Para o arqueólogo, lector como ninguén de cousas antigas, ou para o estudoso erudito de principios do século XX, un anaco de cerámica ou mesmo de escoura pode conter información máis importante que unha xoia antiga, e sen embargo que fascinación ten que provocar albiscar o escintileo amarelo do ouro entre a sucia terra!. Fascinación non moi diferente da que sentiron os primeiros homes e mulleres que atoparon as estrañas pedriñas brillantes e incorruptibles, inmediatamente atribuíronlles propiedades sobrenaturais tan extraordinarias que o seu uso foi reservado para as ocasións máis importantes e as persoas máis sobranceiras.

Pero para fascinacións a do curioso coleccionista capaz de investir o seu capital na adquisición de xoias salvándoas así dunha morte no crisol máis que probable. Estas persoas conseguiron man-

1. BAUDRILLARD, J.: *El sistema de los objetos Siglo XXI* eds. Madrid, 1969, p.94. *O obxecto antigo é sempre, na acepción rigorosa do termo, un "retrato de familia" (...) dásenos como mito de orixe.* pp. 85-86.

ter vivos eses obxectos e, aínda máis, poñelos a disposición de quen podía protexelos e expoñelos á vista de todos. Laudabeis accións que fixeron posible a conservación dunha parte do Patrimonio humano nuns momentos nos que non existía aínda unha conciencia protectora e moito menos unha lexislación eficaz.

O ouro do territorio bárbaro que os romanos deron en chamar Gallaecia deu pé a unha sucesión de expedicións, conquistas e ocupacións que remataron coa incorporación ao Imperio. Ese ouro espertou a cobiza dos civilizados e estimulounos nesa empresa. Pero o artesán ártabro que fundiu as pebidas, recolleitas por mulleres acaso nos depósitos fluviais do Eume, moldeaba as periñas dos remates do Torques, enrolaba coidadosamente os arames e daba forma con esmero ás espirais de fío dourado, alleo ao ás ansias expansionistas de Roma, concentrándose na creación dun obxecto único e precioso dotado duns significados íntimos e persoais que soamente poden coñecer as persoas creadoras a través da súa relación dialéctica cos materiais e as ferramentas.

Co nacemento do obxecto nace tamén o seu significado primeiro, e con cada cambio de lugar e de mans vaise enriquecendo a súa biografía ata se converter nun obxecto polisémico que chega aos nosos días como un antigo códice cheo de información que é preciso descifrar.

A finalidade do presente traballo, é desentrañar sequera parte dos segredos que se agochan detrás do Torques de Centroña e aportar novos datos para o coñecemento e valoración do remoto pasado da nosa comarca contribuíndo deste xeito á concienciación da xente na conservación do seu Patrimonio.

Os estudos que conforman esta obra colectiva foron redactados, na súa meirande parte, no ano do centenario do achado, en 2012. A nosa intención como Asociación era presentar a publicación en setembro dese ano, coincidindo exactamente co mes no que se atopou o torques, e celebrar con tal motivo unha serie de actos conmemorativos. Entrevistámonos co alcalde de Pontedeume e coa concelleira de Cultura para comentarlles as actividades que pensabamos desenvolver; amosándose vivamente interesados no noso proxecto e comprometéndose o alcalde en persoa na edición da nosa monografía a través da imprenta da Deputación Provincial de A Coruña. Aos poucos días do encontro cos responsabeis, o 16 de xuño de 2012, sae un titular nas páxinas adicadas a Pontedeume do

Diario de Ferrol que dicía El concello organiza actos para celebrar el centenario del torques de Centroña, na redacción da noticia non se mencionaba ni por alusión indirecta á Asociación Cultural Ardóbriga, promotora en todo momento do evento. Ante a manifestación pública da responsable de Cultura de que estaban a preparar eses actos sen ter a máis mínima consideración pola nosa proposta, decidimos deixar que fora o concello quen organizara a conmemoración. Non houbo tal.

Sen embargo a idea de publicar a monografía seguiu adiante, aínda que non sen atrancos. Entregáronse as primeiras colaboracións pero outras fóronse demorando. Lembremos que os autores de todos e cada un dos artigos que a compoñen traballaron arreo e de balde quitándolle tempo ao seu propio lecer. Os efectos da crise obrigaron a algúns a retirarse do proxecto e a situación familiar do coordinador, co pai gravemente enfermo, fixeron que o proxecto quedara aparcado durante meses.

Pero o compromiso adquirido cos colaboradores e coa Asociación Ardóbriga obrigounos a tirar para adiante e o día do mes de outubro do ano 2013 no que se presentaba a revista Cátedra na Casa da Cultura de Pontedeume o coordinador da obra entrega un DVD co material orixinal á representante municipal no acto, a concelleira de Cultura, para que dera cumprimento ao compromiso do alcalde de editar o traballo. Finalmente a obra sae ao público como a Monografía nº 3, suplemento extraordinario da prestixosa revista Cátedra.

Sirvan, finalmente, estas liñas de presentación para expresar a gratitude da Asociación que represento aos autores e autoras dos diferentes artigos polos seus excelentes e desinteresados traballos e tamén pola súa infinita paciencia, ao Consello de Redacción de Cátedra e ao seu coordinador Alexandre Cainzos polo apoio ao noso proxecto e ao Concello de Pontedeume como editor final da obra.

*Antón Prego Fernández
Coordinador da obra e presidente da Asociación Cultural Ardóbriga
para a protección do Patrimonio*

